



ASUNTO: PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR – Curso 2016/17

Este mércores, día **5 de outubro** arrancou unha nova edición (13) do **PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR**, que abarcará dende **5 de outubro** ata o **31 de maio de 2017**. A actividade desenrolarase nos diferentes centros escolares da vila e nas instalacións deportivas dos propios clubs.

En total inscribíronse **714 nenos/as** distribuídos da seguinte forma:

ATLETISMO	33	TAEKWONDO	127
BALONCESTO	25	TENIS	58
CICLISMO	9	VELA	12
PATINAXE	285	VOLEIBOL	20
PIRAGÜISMO	17	XADREZ	40
PSICOMOTRICIDADE	13	XIMNASIA (acrobática)	75

TODAVÍA EXISTE A POSIBILIDADE DE ANOTAR OS NENOS/AS NAS ACTIVIDADES QUE TEÑAN PRAZA LIBRE

O Programa Deportivo Escolar, é un dos **principais referentes municipais** na organización e programación de actividades para os nenos/as de cangas.

Trátase dun conglomerado de **actividades deportivas extraescolares** que se ofertan dende a Fundación Cangas Deporte, para os nenos/as de educación infantil e primaria, dos 10 centros educativos do Concello de Cangas.

As actividades son impartidas polos **monitores responsables dos propios clubs deportivos** do municipio, xa que o obxectivo principal deste programa é dar a coñecer a actividade nos colexios, e si lles gusta que o seu tránsito a un club sea máis sinxelo.

A día de hoxe xa son moitos os nenos/as que comezaron nas Escolas Deportivas da Fundación, e que co paso dos anos conseguiron **grandes resultados deportivos** a nivel autonómico e nacional na súas respectivas modalidades.

Dende a Fundación Cangas Deporte **agradecer** a enorme colaboración das ANPAS, CENTROS ESCOLARES e CLUBS do municipio, sen a cal sería moi complicado levar a cabo este Programa Deportivo Escolar.

Cangas, a 6 de outubro de 2016

A FUNDACIÓN CANGAS DEPORTE